

Edificio Miralles
Campus Universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 587
extension.uvigo.es
vicext@uvigo.es

PROPOSTA MATERIAS CICLO INTEGRADO PROGRAMA PARA MAIORES

Para o ano académico 2017-2018 poderanse ofertar materias que actualmente se impartan nalgunha das **titulacións de Grao da Universidade de Vigo**, indicando os horarios definitivos da materia e comunicando a esta Vicerreitoría as modificacións que poidan padecer.

Recoméndase que as materias ofertadas sexan de **contidos xerais**.

A oferta deberá vir tramitada a través do correspondente centro da Universidade de Vigo, polo que o **profesorado interesado deberá poñerse en contacto coa dirección/decanato do centro ao que pertenza, cubrindo a ficha que se atopa no seguinte enlace, no prazo comprendido entre o 4 e o 25 de abril de 2017.**

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/estudios/maiores/

NOVAS MATERIAS

O profesorado interesado poderá ofertar a súa materia cunha limitación de 5 a 15 prazas ao alumnado do Programa para Maiores, que asistirá a elas nas mesmas aulas e horarios, e en igualdade de circunstancias, agás a obrigatoriedade de examinarse para aqueles estudantes do Ciclo Integrado que así o desexen.

MATERIAS XA OFERTADAS

As materias ofertadas nos cursos anteriores **serán renovadas automaticamente, agás indicación expresa ao centro en contra por parte do docente responsable, no prazo establecido para a formalización de ofertas ou que o propio centro notifique a non existencia de docencia en materias de renovación automática.**

Vigo, 3 de abril de 2017

O Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais



Manuel J. Fernández Iglesias

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201700005436
03/04/2017 13:06:14

DECANOS/AS – DIRECTORES/AS DE CENTRO